

Presentación

O Consello da Cultura Galega leva máis dunha década promovendo actividades sobre a figura de Rosendo Salvado. O noso obxectivo é rescatar a inmensa obra deste ilustre galego asentado na Australia e botar luz sobre un home do seu tempo, que estivo en contra do seu tempo pero tamén moi por riba do tempo que lle tocou vivir. Unha figura que desenvolveu un traballo pioneiro que dialogou cun lugar da afastada Oceanía no que tratou de atopar unha síntese entre a civilización occidental que el levaba canda si e unha cultura aborixe, diferente e supostamente inferior, que encontrou ao chegar a Australia.

Rosendo Salvado non era, con todo, moi coñecido en Galicia. Pero desde 1999 foise incorporando á cultura galega grazas a varias exposicións, congresos e publicacións que amosaban a especial dimensión dunha personalidade marcada por un pluralismo cultural e renovador para o seu tempo. Fixo gala do entendemento de culturas distintas, das relacións entre o mundo occidental e o mundo aborixe, que descubriu a partir de 1845, cando realizou a súa primeira viaxe a Nova Nursia. A mostra elaborada daquela tamén viaxou a Australia, o que permitiu anoar con máis forza os vencellos entre as dúas patrias do ilustre tudense.

Salvado levantou en Australia unha comunidade beneditina asentada sobre un atípico plan de civilización que comezaba con algo tan próximo como o nome. Fomentou que os aborixes tomasen un nome de pía bautismal pero que mantivesen o seu apelido indíxena, como unha forma inicial de tratamento. Pero tamén amosou un inusitado interese pola educación fronte á incomprensión manifestada reiteradamente desde Roma. Esta estratexia de Salvado derivou na creación de varias escolas e, sobre todo, en ensinarlles aos aborixes un oficio: «coa

instrución adecuada, o aborixe adquire unha idea cabal do valor dos cartos e da propiedade», deixou escrito nos seus abondosos manuscritos. Na súa maneira de entender o colonialismo creou un pioneiro banco rural que concedía créditos para as súas granxas e proporcionou salarios a cambio do seu traballo. Para Salvado que os homes traballasen sen recompensa faría que sentisen o peso da civilización sen as súas vantaxes. E estas foron algunhas das receitas do seu éxito.

Nas páxinas que seguen poderase descubrir unha figura preocupada polos dereitos dos aborixes, nos que deixou unha fonda pegada. Pero tamén a descrición dun amplo legado que repousa na Comunidade de Nova Nursia a través de mapas, diarios, letras, libros de contas, rexistros de empregados...; un material persoal que permite descubrir boa parte da súa sensibilidade para atraer unha comunidade onde ninguén o fixera antes. Posiblemente a súa condición de galego, de orixes celtas, con tradicións precristiás que aínda sobreviven nun mundo de espíritos e supersticións e gardan unha próxima relación coa terra, permitiulle conectar tan ben cunha comunidade moi espiritual que preservou a súa memoria ata hoxe.

A parte máis substancial do legado de Rosendo Salvado está recollida e analizada neste libro. Os seus contidos son o resultado do laborioso traballo dos profesores Ramón Máiz e Tiffany Shellam, que coordinaron un congreso que trouxo desde os antípodas figuras destacadas como Susan Bally ou Peter Hocking e, desde lugares máis próximos, Giulio Cipollone, Antonio Linage Conde ou María Jesús Lorenzo Modia. Grazas a estes estudos e á mostra que percorreu Galicia durante o ano 2014, a figura de Rosendo Salvado ten na actualidade uns trazos moito máis plurais e complexos que aquela imaxe estereotipada que o resumía no seu suposto vencello coa difusión do eucalipto en Galicia. Tamén neste caso debemos extraer da biografía do propio Salvado o mellor guieiro para os nosos tempos: tolerancia e comprensión do outro, sen renunciar á propia identidade.

A realización das actividades que promoveu o Consello da Cultura Galega durante o ano 2014 arredor da figura de Rosendo Salvado foi posible grazas ao esforzo de membros do Plenario (Ramón Máiz, F. Díaz-Fierros, Segundo Pérez) e de traballadores da institución. Tamén de axudas externas procedentes das instancias máis diversas: o bispado de Tui, o arcebispado de Santiago de Compostela, a Universidade de Santiago de Compostela e, nomeadamente, a Embaixada de Australia en España, daquela ocupada por Ms. Jane Hardy. A todas estas persoas e institucións, moitas grazas pola súa axuda.